

Acta reunión grupos de traballo 11 de xaneiro de 2012

orde do día:

1-aseblea popular día 12-1-12

2-convocatoria 15 xaneiro

3-II xuntanza indignada

4-varios

1- Será ás 19:30 no campo de Marte. O grupo quedará alí 10 minutos antes.

Tema Desfuzamentos, e a charla a dará Xabier de STOP DESFIUZAMENTOS. A presentará Rubén.

Non se agarda chuvia, pero se vai levar un toldo por si acaso (quen o teña a man).

Folletos os trae Carmela. Lorenzo leva unha mesiña.

Megáfono: preguntar a Coco, a María e a Iñaki.

Orde do día:

0- accións e avisos: protesta contra os sindicatos en Madrid, próximo mercado de troco, radio polo tema do pequeno comercio no barrio, presentación de Fiare o martes 17, acción de STOP DESFIUZAMENTOS o martes 17 e tomar unha decisión sobre a convocatoria pola sanidade pública do día 15 (neste último haberá un turno de palabra).

1- presentación do boletín mensual e da charla

2- charla e lembrar a acción do 17.

3- micro aberto.

2- Se pospón o debate para a asemblea popular.

3- Acéptase Própolis como lugar da Xuntanza. Mónica Ilo comunicará a Agra vía mail.

O local ten sillas pero haberá que levar algunha mesa.

Actas: seguimos a pensar que o mellor é tomar nota por escrito das conclusións, e ademais grabar audio para recurrir a él en caso de dúbidas, pero non para difundilo públicamente.

Orde do día: acéptase o que se falou o luns 9-1-12 na reunión de barrios, os horarios, os tempos, o formato,...

Moderación: se aceptan tódalas propostas. Engádese Fredi e alguén mais, alí se decidirá. Os equipos de moderación serán de dúas personas por turnos.

Observacións ás propostas doutros barrios: os 8 puntos son un consenso aceptable, o que se queira engadir debe ir na definición do movemento e non nas reivindicacións. Neste aspecto, recalcar que esta II Xuntanza somentes atinxe á Rede local da Coruña. Este punto 2 da orde do día pensamos que debe terminar ás 14:00 (quede como quede, porque é un debate moi extenso e que se pode retomar nos grupos de barrio ou en futuras xuntanzas), para adicar a tarde ós puntos 3 (perspectivas e obxectivos) e 4 (protocolo de funcionamento). Monte Alto quere saír da Xuntanza co protocolo de funcionamento listo, chegaría a propoñer votación para acordalo alí mesmo aínda que despois se ratifique nos barrios. Por parte deste grupo se propoñerá o sistema de 4/5 que se acordou en MA para resolver votacións se as houbese.

Arteixo vai asistir, se lles enviará a orde do día e a hora e lugar da Xuntanza.

Puntualidade: propoñemos comezar ás 11 en punto, sen agardar por ninguén. Personas do grupo de Monte Alto quedaron no Campo de Marte ás 10:30 do sábado para ir en coche ata C/barcelona.

Lorenzo fará a presentación do balance en representación do grupo, dacordo co falado nese aspecto.

Xosé se ofrece a elaborar unhas carpetiñas coa orde do día para os asistentes, para facilita-la asemblea.

4- Varios: Fredi (presentación Fiare o martes 17 ás 20:30 na asoci. Alexandre Bóveda na c/Olmos).

Rubén e Neuca irán á radio co tema do pequeno comercio (viernes 13). Enviarán o link ó mail.